


O noso caderno do mar de adentro



A ENSEADA DE SAN SIMÓN

3º CICLO E.P.

INVESTIGAMOS PARA ELABORAR O NOSO CADERNO DE MAR ADENTRO.

A ENSEADA DE SAN SIMÓN.

A primeira aproximación a un lugar, a unha paisaxe dáse por medio dos nosos sentidos. Podemos ulir, sentir sensacións de frío, calor, humidade, sons, ver formas, cores...

Todo isto infórmanos sobre a nosa contorna.


Só así podemos EXPLORAR, INVESTIGAR E OBTEN DATOS para estudalos como bos científicos/as.



Observar unha paisaxe é, non só ver, senón que é mirar con moita atención, así como as emocións que esperta.

As paisaxes non son iguais de día que de noite, tampouco son iguais nun día de choiva, de neboeiro, de treboada, de sol..., que evoca en vós as cinco imaxes da nosa ría? Nostalxia, triteza, alegría, medo, incerteza, angustia...

Que che evocan as fotografías?



As paisaxes da nosa Ría teñen dinámicas distintas, cada 6 horas cambia, como lle chamamos a eso?.....

Que elemento inflúe sobre esta dinámica a



O primeiro que imos facer nesta primeira aproximación e coñecer que características ten para vós a nosa Enseada, as súas proporcións, a distribución dos elementos da paisaxe:

- **ABIÓTICOS** (que son da natureza e non teñen vida) auga, rochas, área, solo, etc
- **BIÓTICOS** (a vexetación, fauna que estades vendo) fauna e flora
- **ANTRÓPICOS** (feitos polo ser humano) influencia do home

IMOS VER UNHA IMAXE DA RÍA DE VIGO (Vémola na pizarra dixital)

Que cores apreciades, que formas xeométricas predominan e distribución dos elementos da paisaxe.

Que tipoloxía de paisaxe observades: natural, rural, urbana...

Gústavos o que vedes?, valorádelo estéticamente? que importante é conservalo e protexelo, non si? Comentalo entre vós. Facemos unha posta en común por equipos .

Os mestres e mestras do Manuel Padín coidamos que xa estades preparados para comezar a aventura no noso mar de adentro que escomenza no Estreito de Rande.



Completamos os diferentes textos coas palabras dos recadros, non esquezas que podes empregar todo o material disponible na biblioteca, aulas, corredores, aula informática, ... teremos dúas sesión para completar a información requerida, faremos unha sesión na biblioteca e outra compartindo aula ordinaria, corredores e aula de informática.

MANS Á OBRA!

SO-NL, Ría de Vigo, N-S, Océano Atlántico, de Tui a Carballo, 44 m

A nosa enseada, mantén no plano unha dirección Norte -Sur, seguindo a depresión meridional

Pertence a Enseada de San Simón a unha realidade maior, que é a que á súa vez depende dun sistema global maior que é o

A dirección da nosa ría presenta un eixo..... e que na enseada de San Simón cambia a dirección

Polo que observamos a ría de Vigo, é a única ría que mantén dúas dirección na súa totalidade. Sinálaas no mapa.



Hai un accidente xeográfico que separa o mar de adentro do resto da ría da fóra, podédesnos dicir cal é e definilo?

_____ de Rande

Hai unha construción ANTRÓPICA, é dicir, que fixemos os homes, é a _____ de _____.

Alí atópase a profundidade maior da nosa ría, aproximadamente uns de profundidade e ten unha anchura de 700 m.

Observa ben este mapa das nosas rías e completa coa información do recadro.

Río Verdugo-Oitavén, Cabo Silleiro en Baiona, Cabo Home no Morrazo, ao norte, 33Km, meridional ou sur, 44 m.



A NOSA RÍA DE VIGO ocupa o lugar máis das rías galegas, ten de longoKm.

A ría de Vigo ábrese dende Cabo Silleiro ao sur e ao norte.

É a ría máis longa de Galiza, con de longo, e cunha profundidade máxima de

A principal conca fluvial que alimenta a ría é a do

Como se formaron as rías?

Lede moi atentos, faremos unha lectura compartida do texto que vén a continuación.

"No Terciario, durante a oroxenia Alpina hai uns 140 millóns de anos, a placa Norteamericana afástase de Europa, eses bloques de codia terrestre entre fracturas movéronse e o terreo elevouse e rompeu en varios bloques. Os bloques litorais inclináronse cara ao mar e a auga anegou vales e ríos.



Eleváronse uns e afundíronse outros, os ríos foron escarvando e labrando o relevo.

Pero será hai uns 12.000 anos, despois da IDADE DO XEO, cando o nivel do mar subíu e moitos destes vales fluviais foron asolagados polo mar, formando as rías.



A antiga serra costeira separouse da costa, ficando como resto as illas do Arco Atlántico.

Lembras cales son?



SABIAGES QUE DURANTE AS GLACIACIÓNS O NIVEL DO MAR BAIXOU MÁIS DE 150 A 200 M. DO NIVEL ACTUAL.

HAI UNS 10.000 ANOS PÉNSASE QUE ERA 35 M. POR DEBAIXO DO ACTUAL POLO QUE AS ILLAS ATLÁNTICAS ESTARÍAN UNIDAS Á COSTA ACTUAL A TRAVÉS BEN DE TÓMBOLS, DUNHA PLATAFORMA AREOSA.

DI SE SON FALSAS (F) OU VERDADEIRAS (V) AS SEGUINTES PROPOSTAS:

- As rías fóronse facendo por choivas torrenciais e por aportes dos ríos en crecidas fortes.
- Como consecuencia do levantamento e afundimento de terras e da oscilación do nivel das augas do mar, que foron asolagando vales fluviais.

SEGUIMOS APRENDENDO


A DINÁMICA MARIÑA DA NOSA RÍA

A circulación xeral da Ría presenta un modelo de **CIRCULACIÓN ESTUÁRICA POSITIVA**, a rentes da marxe sur entra auga de mar salgada, pasa o estreito de Rande, penetra na nosa enseada e mestúrase cos aportes de auga doce dos ríos.

A auga doce é menos densa, máis lixeira, e discorre pola superficie e contra a marxe norte da Ría, cara ao estreito de Rande, e logo cara mar aberto, desprazándose ás augas superficiais, creando un baleiro que provoca o ascenso das augas profundas que son frías e ten moitos nutrientes.



Sinalamos no mapa como sería a **CIRCULACIÓN ESTUÁRICA POSITIVA**, en azul a auga salgada e en vermello a auga doce da aportación do río.



Esta circulación lévanos a:

Se as condicións meteorolóxicas o permiten, dende a primavera ata o verán, producirase un **AFLORAMENTO OCEÁNICO**, que se leva a cabo da seguinte forma:



Cos ventos procedentes do Norte, as augas doces que discorren pola superficie desprázanse cara o Océano, creando un baleiro que provoca o ascenso das augas profundas que son frías e ricas en sales e nutrientes (nitratos, fosfatos e silicatos).

Estes nutrientes servirán de pasto para os seres acuáticos que habitan na zona: mexilóns, mariscos, plantas, algas, aves mariñas,...

Completa que é o AFLORAMENTO OCEÁNICO coas seguintes palabras: nutrientes, auga moi fría, tan fría que corta”, norte, augas profundas, trófica.

Consiste no ascenso defrías e ricas en que son alimento do fitoplancton, base da cadea



En Galiza acontece cando os ventos dominantes son do, entre maio e outubro.

Decatámonos cando no verán ao bañarnos atopamos a isto é debido o proceso de afloramento oceánico.

Agora tratade vós de explicar coas vosas palabras que é o afloramento oceánico?

COÑECEMOS AS ZONAS DE BEIRAMAR

Nas seguintes fotos podedes ver as tres zonas no que se divide o noso litoral ou zonas de beiramar.



INVESTIGAMOS E EFINIMOS COAS NOSAS PALABRAS :

MESOLITORAL OU INTERMAREAL:

INFRA-LITORAL:

SUPRALITORAL:

A FLORA E A FAUNA DA ENSEADA DE SAN SIMÓN.

1º Veremos o slide-share preparado.

Identifica as seguintes especies típicas de algas mariñas, de areas ou rochedos, pradarías de seba e zosteras. Poñede o nome debaixo da foto.



Verdello, leituga de mar, algas pardas, bocho, buche bravo, correolas, zosteras noltii, zosteras marina (ceba ou pradaría)

Nas praderías da nosa enseada podemos atopar peixes, cefalópodos, equinodermos, etc. Une cada foto co seu nome.

CABALIÑOS DE MAR



SOLLAS



ROBALO



ANGUÍA



CHOCOS



LURAS



CARANGUEXOS



NÉCORAS

ESTRELA MAR




CAMARÓN



A ENSEADA COMO RESERVA DE AVES MARIÑAS.

Sabias que a nosa enseada acolle máis de 6000 aves acuáticas, 3000 anátidas, 2000 gaiivotas, etc Fíxate ben nos que imos coñecer agora para poder identificalos cando saiamos á Enveda.



GARCETA



CORVO MARIÑO



CISNES



ALAVANCO REAL



MAZARICO



PILRO



GAIVOTA CHORONA




GAIVOTA PATIAMARELA



BILURICO



ANDARÍOS



PARRULO ASUBIADOR



GAIVOTA COMÚN

Fontes:

- [https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/7/71/Los_puentes_de_Pontesampaio %285077953602%29.jpg](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/7/71/Los_puentes_de_Pontesampaio_%285077953602%29.jpg)
- <https://slideplayer.es/slide/3150452/11/images/43/Cu%C3%B1a+de+agua+salada.jpg>
- <http://los5vengadores.blogspot.com/2013/05/tema-viii-regimen-de-estuarios-objetivo.html>
- https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/d/de/Rias_bajas_GL.svg/800px-Rias_bajas_GL.svg.png